




**DECLARACIÓN POR  
UN MOVIMIENTO DE  
PRODUTORES<sup>AS</sup><sub>ES</sub> ECOLÓXICOS<sup>🌿</sup>  
E POLA AGROECOLOXÍA**

Vitoria-Gasteiz, 31 de xaneiro de 2026



Somos agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras, e representamos grupos locais articulados arredor dun **movemento estatal de produtores e produtoras ecolóxicos e pola agroecoloxía**.

Traballamos día a día as nosas terras por un sistema alimentario sustentable, saudable e xusto. Impulsamos proxectos que fortalecen a soberanía alimentaria, garanten o acceso a alimentos de calidade e buscan prezos xustos para quen produce e para quen consume. Así, coidamos o territorio e alimentamos os nosos pobos e cidades con alimentos sans, próximos, diversos e de tempada.

Promovemos bancos de terra e de sementes e apoiamos a incorporación da mocidade ao sector. Tamén abastecemos a restauración colectiva e comercial, os mercados locais e os grupos de consumo.

Organizámonos para producir, transformar e comercializar de maneira conxunta. A cooperación é a nosa fortaleza. Por iso, construímos alianzas con administracións públicas e entidades sociais para relocalizar a actividade agraria e liderar a transición ecolóxica dos sistemas agroalimentarios.

Somos un sector innovador, comprometido e valente, e estamos a liderar a transformación do sistema alimentario xunto coa cidadanía, desde cada un dos nosos territorios.

**SOMOS O SECTOR DA  
PRODUCCIÓN ECOLÓXICA E  
POLA AGROECOLOXÍA**



O sistema agroalimentario dominante é un dos principais responsables da crise climática, ambiental e social que atravesamos. Degrada solos e augas, rompe os ciclos naturais dos ecosistemas e afecta á saúde pública. Impulsa dietas empobrecidas e con ingredientes nocivos que afastan á cidadanía dunha alimentación de calidade, diversa, saudable e culturalmente significativa. Desmantela o tecido comunitario e económico dos nosos territorios, rurais e urbanos. Expulsa produtores e produtoras, asfixia o pequeno comercio e acelera o peche de pequenas explotacións agrarias. Mantelo ten un custo inasumible para o conxunto da sociedade.


### **A NOSA APOSTA É A PRODUCCIÓN ECOLÓXICA E A AGROECOLOXÍA**



A agricultura ecolóxica é o modelo oficial de produción sostible en Europa. Constitúe unha proposta técnica segura e rigorosa para a produción, elaboración e distribución de alimentos que sitúa no centro á saúde do planeta e das persoas.

A agroecoloxía amplía esta perspectiva e integra dimensións sociais, económicas e políticas imprescindibles para unha transición xusta do sistema alimentario cara á sostibilidade económica, social e ecolóxica, e cara a unha alimentación saudable. Por iso forman parte central da axenda agroecolóxica os prezos axeitados e remuneradores do traballo digno e dos manexos sostibles; as relacións próximas entre produción e consumo; as dietas sostibles, saudables e culturalmente significativas; e o reforzo do tecido comunitario diverso, activo e vivo.

Defendemos estas propostas transformadoras como o camiño cara un futuro sostible, saudable e xusto, e opoñémonos á proliferación de selos ou denominacións paralelas que xeren confusión sobre os elementos que achegan sostibilidade e dilúan o alcance transformador da produción ecolóxica e da agroecoloxía.



## CHAMAMENTO Á ACCIÓN

As administracións públicas locais, autonómicas, estatais e europeas deben despregar instrumentos políticos, normativos e financeiros decididos para protexer e fortalecer ó sector ecolóxico e agroecolóxico en catro ámbitos estratéxicos:

### **1 MERCADOS LOCAIS E CIRCUÍTOS CURTOS DE COMERCIALIZACIÓN PARA O SECTOR ECOLÓXICO E POLA AGROECOLOXÍA**

As administracións públicas deben capacitar ós cadros técnicos e responsables políticos nas áreas vinculadas á agricultura e á alimentación en políticas agroalimentarias para o reforzo da produción ecolóxica e da agroecoloxía.

Ademais, deben activar de maneira sólida a Compra Pública Alimentaria como ferramenta estratéxica e estable de apoio e articulación do sector produtor ecolóxico e local, capaz de harmonizar oferta e demanda e garantir prezos xustos para ambas partes.

Así mesmo, é necesario mobilizar infraestruturas e recursos públicos como matadoiros, obradoiros e mercados permanentes para impulsar e consolidar mercados locais ao servizo da produción ecolóxica e da orientación agroecolóxica local.

### **2 ASESORAMENTO, INVESTIGACIÓN E FORMACIÓN CON PERSPECTIVA AGROECOLÓXICA**

É imprescindible integrar un currículo específico en produción ecolóxica e agroecoloxía tanto na formación regrada como na non regrada, que permita ao persoal profesional acompañar iniciativas de orientación agroecolóxica.

A investigación pública debe aliñarse coas necesidades concretas da produción ecolóxica e da agroecoloxía. As prioridades científicas non poden definirse á marxe do sector produtor, que debe ser consultado de forma sistemática.

Finalmente, requírense datos sólidos e mensaxes avaladas pola evidencia científica que reforcen a produción ecolóxica e a agroecoloxía como sistemas viables para a sostibilidade ambiental, a saúde pública e a xustiza social.

### **3 ATRANCOS NORMATIVOS E POLÍTICOS QUE DIFICULTAN A VIABILIDADE DOS MODELOS DE ORIENTACIÓN AGROECOLÓXICA**

O acceso á terra é unha barreira estrutural, tanto en réxime de compra como de arrendamento. Por iso é imprescindible blindar o uso agrario do solo para a produción de alimentos e facilitar o acceso á terra para proxectos ecolóxicos e de orientación agroecolóxica. Estas políticas deben priorizar a novos produtores e produtoras, especialmente persoas mozas, mulleres, persoas sen orixe agraria e colectivos en situación de vulnerabilidade, garantindo condicións reais de incorporación e permanencia.

O sistema de axudas debe recoñecer as especificidades dos modelos ecolóxicos e de orientación agroecolóxica no cálculo das UTAs. Este cálculo debe integrar a diversidade e intensidade produtiva e organizativa do sector, así como as actividades asociadas a estes proxectos, como a transformación e a comercialización directa; e as especificidades territoriais.

No ámbito sanitario, é necesaria unha regulación flexible que non dificulte a viabilidade de explotacións diversificadas. Debe facilitar a existencia de granxas multiespecie e garantir a capacidade dos gandeiros e gandeiras para aplicar medidas preventivas sen impor vacinacións ou sacrificios en masa. A normativa debe orientarse a protexer a saúde pública sen comprometer de maneira inxustificada a continuidade dos proxectos agroecolóxicos.

### **4 RELEVO NO SECTOR ECOLÓXICO E POLA AGROECOLOXÍA CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS MULLERES E Á MOCIDADE**

Garantir o relevo require establecer un diálogo estruturado e permanente entre o sector produtor e as administracións públicas, que permita deseñar políticas axustadas ás necesidades reais dos proxectos de orientación agroecolóxica.

Cómpre favorecer a incorporación de iniciativas familiares e de pequena escala, que constitúen a base do tecido produtivo de orientación agroecolóxica local, e establecer límites á concentración e ao tamaño excesivo das explotacións para evitar dinámicas de acaparamento que dificultan o acceso á actividade.


As políticas de relevo deben orientarse de maneira coherente cara a un cambio estrutural do modelo agrario e alimentario, situando a produción ecolóxica e a agroecoloxía como eixos estratéxicos do futuro do sistema alimentario.

## O NOSO CAMIÑO

Apostamos por traballar de forma coordinada dentro do sector da produción ecolóxica e pola agroecoloxía, compartir aprendizaxes e experiencias e construír unha voz colectiva forte e recoñecible. Tamén queremos ter voz na elaboración das políticas agrarias e alimentarias que nos afectan e condicionan a viabilidade dos nosos proxectos e o futuro do sector.



Por iso damos un paso adiante e conformamos o Movemento de Produtores e Produtoras Ecolóxicos e pola Agroecoloxía, o MPA. Un movemento guiado por organizacións do sector, que avanza cara á consolidación dunha estrutura para a incidencia política a nivel estatal e que se apoia en ferramentas de comunicación propias para alzar a súa voz.



Sabemos que só articulándonos poderemos influír nas decisións que afectan á nosa actividade, aos nosos territorios e á alimentación da nosa sociedade.



**¡XUNTAS E XUNTOS  
SOMOS MÁIS FORTES!**



**DECLARACIÓN POR  
UN MOVIMIENTO DE  
PRODUTOR<sup>AS</sup> ECOLÓXIC<sup>OS</sup>   
E POLA **AGROECOLOXÍA****

**Vitoria-Gasteiz, 31 de xaneiro de 2026**

Esta Declaración recolle os acordos froito do Encontro de produtores e produtoras ecolóxicos e pola agroecoloxía celebrado en Vitoria-Gasteiz os días 30 e 31 de xaneiro de 2026.

Máis información:

<https://www.municipiosagroeco.red/sector-agroecologia-movimiento-productoras-agroecologicas/>